




Área / Unidad CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIORAD0000 MAJL/ab	Documento AD014I004K	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/2701/2020 15/05/2020
Código de verificación  0000 0C6A 0050 112A 0L5O	Expediente AD0/2020/23	
	Fecha 15-05-2020	

INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DE SUBVENCÍONS COMO MEDIDA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA NO CONCELLO DE A CORUÑA

Exposición de motivos:

No contexto actual de crise sanitaria a acción municipal ten que poñer o foco na axuda á cidadanía. Por iso, estanse a poñer en marcha diversas estratexias e accións para atenuar as importantes consecuencias que esta situación provocou e provoca no tecido social e económico da cidade. A áxil execución do Orzamento é unha ferramenta efectiva e adecuada para tal fin.

O Goberno local contraeu o compromiso de mobilizar todos os recursos previstos no orzamento en vigor para atender ás necesidades económicas das distintas entidades e colectivos que desenvolven unimportante labor nesta cidade.

Entre outras accións, o outorgamento de subvencións ás entidades sociais e asociacións de diversa índole resulta fundamental para que poidan afrontar nas mellores condicións o impacto que supón para elas a crise creada polo COVID-19, permitíndolles, sempre de acordo coa normativa vixente, atender aos seus gastos de funcionamento e organizar as súas principais actividades. É importante lembrar a labor de coexistión que moitas delas realizan, xa que chegan coa súa actividade a moitos ámbitos e persoas aos que non pode chegar de xeito directo a acción municipal.

Polo tanto, tendo en conta as directrices sinaladas pola alcaldesa nas diferentes reunións do Goberno local e, en liña cos acordos alcanzados entre todos os grupos municipais da Corporación, cómpre axilizar as convocatorias das subvencións en concorrencia competitiva e a sinatura dos convenios nominativos previstos no orzamento.

Sen prexuízo das medidas de reorientación do orzamento en vigor que se puideran adoptar para impulsar a reactivación económica e social da cidade, é imprescindible impulsar a execución orzamentaria no ámbito do capítulo IV, para o cal se establecen un calendario e unhas instrucións de obrigado cumprimento, seguindo os obxectivos citados.

O 12.03.2020, a alcaldesa ditou o Decreto sobre a declaración de extraordinaria e urgente necesidade para facer fronte aos riscos derivados da pandemia do COVID-19, ámbito no que se enmarca esta Instrución, que se dita ao abeiro e cos efectos do artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

INSTRUCCIÓN

As áreas e servizos xestores cumprirán en relación coa tramitación de subvencións, as seguintes **determinacións**:

1.- CALENDARIO: As **bases das convocatorias en concorrencia**, deberán estar aprobadas e publicadas no BOP, portal de transparencia e Base Nacional de Subvencións **antes do 30 de**



xuño de 2020. Os **convenios nominativos**, agás por xustificación motivada ou petición expresa da entidade, deberán estar **asinados antes do 30 de xuño de 2020.**

2.- PAGOS ANTICIPADOS: Con carácter xeral deberá aprobarse o **pago adiantado de ata o 90% do total da subvención** concedida, polo que a garantía do pago adiantado será como máximo do 10%. No caso das subvencións ás que se lles aplica a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar (BOP 19.02.2005) pódense anticipar pagos de ata o 98%, sendo a garantía mínima, polo tanto, do 2%.

3.- ORZAMENTO A SUBVENCIONAR: Procurarase subvencionar o **total da actividade** e, no caso das subvencións en concorrencia competitiva –sen prexuízo de normativa específica–, poderase aplicar como criterio de concesión a **porcentaxe de cofinanciamento** que aporte a entidade, de xeito que as entidades que máis cofinanciamento acheguen, máis posibilidades terán de obter a financiación total da acción ou actividade.

4.- TÉCNICAS DE MOSTRAXE PARA A XUSTIFICACIÓN: Co fin de axilizar de cara ao vindeiro ano as xustificacións, as bases da convocatoria e os convenios nominativos poden recoller a utilización de técnicas de mostraxe.

5.- RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SEN XUSTIFICACIÓN PREVIA CONFORME: Co fin de axilizar a concesión das subvencións e a sinatura dos convenios, efectuarase a tramitación ata a resolución de concesión que, no caso de que aínda non estea xustificada a do ano anterior ou anteriores, levará un apartado específico no que se sinale que o recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche con conformidade da xustificación. Unha vez pechada conforme a xustificación, poderá continuarse coa tramitación para facer o pago anticipado.

6.- ACCIÓNS OU ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR EN CONCORRENCIA COMPETITIVA: Tendo en conta a situación de crise sanitaria actual nas actividades ou accións a subvencionar, deberá darse prioridade, ben nas contías máximas aplicables en cada liña a subvencionar, ben nos criterios de valoración, a todas aquelas que presenten accións ou actividades innovadoras que favorezan a maior participación de persoas. As bases deberán lembrar, de acordo coa normativa aprobada durante o estado de alarma, as medidas sanitarias de distanciamento social, de aforo e hixiénicas que sexan preceptivas.

7.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS: As bases das convocatorias e os convenios deberán facer mención ao disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).

En canto á imaxe corporativa a incorporar polas entidades na publicidade de todas as actividades subvencionadas, remitimos á ligazón da web municipal na que se recolle o manual de imaxe corporativa: <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>

Unha vez máis, quero reiterar o meu recoñecemento ao voso esforzo e compromiso, así como ao realizado polo persoal das distintas áreas e servizos municipais.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
(P.D. Alcaldía, Decreto 12.03.2020)